

ANUNCIO DA 10.ª QUENDA DOS “CAMPAMENTOS A LANZADA” 2025

A entrada e a saída do campamento faranse de forma gradual, de acordo co seguinte:

- Data de entrada: domingo 24 de agosto (pola tarde)
- Data de saída: sábado 30 de agosto (pola mañá)

Orde por apelidos	Horario de entrada	Horario de saída
	domingo 24 de agosto	sábado 30 de agosto
1.º De Abad a Coutado	De 16:00 a 16:25 h	De 10:00 a 10:25 h
2.º De De Amorín a Iglesias	De 16:30 a 16:55 h	De 10:30 a 10:55 h
3.º De Lago a Rey	De 17:00 a 17:25 h	De 11:00 a 11:25 h
4.º De Rivas a Yáñez	De 17:30 a 18:00 h	De 11:30 a 12:00 h

Poderase acceder ao recinto en coche, pola segunda entrada, na estrada en dirección cara a San Vicente do Mar. Unha monitora ou monitor indicará o lugar de entrada e saída.

Importante! É OBRIGATORIO LEVAR A TARXETA SANITARIA OU A DO SEGURO PRIVADO DA NENA OU NENO

Se por algunha causa xustificada a nena ou neno non puidese chegar no horario indicado, a nai, pai, titora ou titor legal deberá comunicalo previamente a través dun correo electrónico a xuventudereto@depo.es e indicar o motivo e a hora de chegada prevista.

Se a nai, pai, titora ou titor legal non puidese levar ou recoller a nena ou neno, deberá achegar unha autorización debidamente asinada, na que se indicarán o nome completo e o DNI da persoa autorizada para estes efectos. Terá que enviar este documento por correo electrónico a xuventudereto@depo.es e entregarllo á directora ou director do campamento o día de entrada ou de saída.

Así mesmo, informamos de que poden consultar a equipaxe mínima aconsellable para levar ao campamento, así como outra información de interese, na seguinte ligazón <https://www.depo.gal/es/-/campamentos-a-lanzada>.